





COSTA DE VALDOVIÑO

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2018



Distancia: 50 km (lineal, en coche) + camiñadas
Dificultade: media



- 1-As Galladas
- 2-Praia de Campelo
- 3-Punta Campelo
- 4-Monte da Vela
- 5-Alto de Campelo
- 6-O Castelo. Pta de Fontes
- 7-Punta Bieiteiro
- 8-Punta da Xarda
- 9-Praia de Meirás/Do Río
- 10-Praias do Rego e do Cortello
- 11-Praia do Cano Grande
- 12-Praia da Mourella/Botes
- 13-Costa do Portiño
- 14-Ermida da Nosa Sra. do Mar
- 15-Illa Herbosa
- 16-Cala do Porto
- 17-Punta Frouxeira
- 18-Praia da Frouxeira/Lago/
Valdoviño
- 19-Lagoa da Frouxeira
- 20-Punta Faluchos
- 21-Punta Felpiura
- 22-Punta dos Prados
- 23-Punta Corveira
- 24-Illotes de Marnela
- 25-Praia do Rodo (Pantín)
- 26-Praia de Porto Carrizo
- 27-Punta Gabeira
- 28-Punta Torrella
- 29-Praia de Baleo
- 30-Punta Ouzal
- 31-Punta do Graxal
- 32-Punta Chirlateira
- 33-Punta Castrelo
- 34-Punta Burneira
- 35-Río das Forcadas
- 36-Praia/enseada de Vilarrube
- 37 Río das Mestas

Con idas e voltas, máis de 50 km de liña de costa. Quilómetros de litoral con todo tipo de formas e paisaxes espectaculares. Extensos areas ou praias pequenas, expostas e recollidas; cantís de ata 200 m de altura en todo tipo de rochas, uns cantos lugares inaccesibles, cousas do toxo e a verticalidade; horizontes infinitos e ondas de mar aberto a esnaquizarse nos rochedos ou a morrer en sucesións de escumas nos areas. Con multitude de lugares para visitas puntuais ou para facer todo tipo de percorridos.

Toda esta costa está protexida no LIC/ZEC “Costa Ártabra” e parcialmente nas ZEPAs “Lagoa da Frouxeira” e “Costa Ferrolterra-Valdoviño”.



Vista da costa de Valdoviño desde o alto do Campelo

PERCORRIDO

Propoñemos un percorrido de sur a norte, aínda que se pode facer de calquera outra maneira, combinando percorridos en coche con camiñadas e dedicándolle unha ou varias xornadas.

Comezamos no **areal de Campelo**, recollido entre as Galladas e a caída cara ao sur do monte da Vela, un cantil que remata na punta de Campelo. Da praia imos a **Montefaro** a localidade pola que temos o acceso máis doado ao **monte da Vela** do que podemos facer unha parte en coche, para gozar dos cantís máis altos da contorna con máis de 200 m de caída ao mar. De Montefaro imos á **praia de Meirás ou do Río** que ocupa o tramo final do esteiro do rego de San Vicente ou de Meirás; un areal amplo cara ao interior no que se encora parte do caudal do rego ofrecendo un espazo tranquilo e seguro para o baño da rapazada. Desde a praia do Río pola estrada máis próxima á costa dirixímonos á punta Frouxeira pero antes faremos varias paradas a primeira entre as **praías do Rego e do Cano Grande** desde onde temos unha fermosa vista da zona, da península de Lavacerido, da praia de Meirás, das puntas que a protexen e detrás delas o monte da Vela; a segunda na **praia dos Botes** para achegarnos á **ermida da Nosa Señora do Porto** situada nun illote da praia do Porto, e a terceira na **Frouxeira** para ver o faro, as panorámicas da zona e a **praia de Lago, Valdoviño ou A Frouxeira** en toda a súa extensión, uns 3 km. Desde aquí non é posible seguir pola liña da costa porque se interpón o humidal e a **lagoa de Valdoviño** polo que temos que ir ao Canto do Muro para coller a estrada que ven de Ferrol e que, por Lago, nos leva a Valdoviño. No centro da localidade desvíámonos para baixar á praia e facer un achegamento á lagoa. Desde a Saíña, collendo sempre os desvíos asfaltados á esquerda, é posible saír á estrada local que vai pola costa ao Rodo e Pantín, pero é máis doado facelo volvendo ao centro de Valdoviño e seguir pola estrada de Cedeira uns 2 km onde atopamos un desvío á esquerda que é o punto de arranque desa estrada local e por ela, xa sen perda, chegamos ao **miradoiro do Paraño** con panorámicas sobre a costa, a praia e a lagoa. Desde este punto e ata a punta Corveira apenas vemos o mar, máis que ao dobrar a **punta dos Prados**, nin temos posibilidade de achegarnos a el porque non hai camiños transitables. Na **punta Corveira** temos a posibilidade de facer unha curta camiñada para achegarnos ao cantil, ver os **illotes da Marnela** e gozar dunha fermosa vista do conxunto da enseada, a praia, as dunas e a lagoa, cuberta pola vexetación, de **Pantín**. Desde o Rodo entre a duna e a lagoa hai un camiño que nos leva ao Freixo e desde alí, a pista da esquerda, á praia de Baleo, pero antes de empezar a baixar cara á praia hai un desvío á esquerda que nos achega á **punta Torrella**, de fermosas vistas e altos cantís. Pasada a **praia de Baleo**, rodeando o monte Burneira, atopamos dous miradoiros, o primeiro sobre a **punta do Ouzal** e o segundo xusto ao pé do camiño polo que se accede á **punta Chirlateira**, outra camiñada para ver e coñecer os seus cantís, a ría de Cedeira e o punto que lle marca o límite sur. Completando á volta ao monte Burneira volvemos á estrada que vai a Cedeira e temos as primeiras vistas da praia de Vilarrube, Cruzamos o **río das Forcadas** e pouco despois xa aparecen os indicadores para baixar á **praia de Vilarrube**, un inmenso areal que ocupa o fondo da ría entre as desembocaduras dos ríos das Forcadas e das Mestas e que só coa marea baixa é posible apreciar en toda a súa extensión. De volta na estrada en dirección a Cedeira logo cruzamos a ponte do **río das Mestas** límite do concello e final do percorrido.



1-As Galladas




2-Praia de Campelo



3-Punta de Campelo




4-Monte da Vela e Pena Branca



5-Alto de Campelo: vista sobre a costa de Valdoviño



6-Pta de Fontes e O Castelo. Detrás a Pena Branca.



7-Punta Bieiteiro



8-Punta da Xarda, na península de Lavacerido. Detrás o monte da Vela



9-Praia de Meirás/Do Río



10-Praia do Rego



Praia do Cortello



11-Praia do Cano Grande




12-Praia da Mourella/Botes




13-Costa do Portiño



Illote Castelo



14-Costa do Portiño e Ermida da Nosa Sra. do Mar



15-Illa Herbosa



16-Cala do Porto



17-Punta Frouxeira



17-Punta Frouxeira.
Nela atópase un faro de recente construción



19-Lagoa da Frouxeira



18-Praia da Frouxeira/Lago/Valdoviño



20-Punta Faluchos



21-Punta Felpiura desde o miradoiro do Paraño



22-Punta dos Prados



23-Punta Corveira



24-Illotes de Marnela e Punta Corveira



25-Praia do Rodo (Pantín)



26-Praia de Porto Carrizo



27-Punta da Gabeira



28-Punta Torrella: O Furado Vello



Punta Torrella



29-Praia de Baleo



30-Punta Ouzal



31-Punta do Graxal



32-Punta Chirlateira



33-Punta Castelo e Punta Chirlateira



34-Punta Burneira



35-Río das Forcadas



36-Praia/enseada de Vilarrube



Praia de Vilarrube



Praia de Vilarrube



37 Rio das Mestas



Percebeiros nos cantís da Frouxeira



Antirrhinum majus
subsp. *gallaecica*
unha planta que so
se atopa nesta zona